



Concello de Mazaricos

ACTA DO TRIBUNAL NOMEADO PARA A AVALIACIÓN DE MÉRITOS NO PROCESO SELECTIVO APROL_RURAL_2025.

Reunidos no Salón de Plenos do Concello de Mazaricos, o día 30 de xuño de 2025, os integrantes do Tribunal que se constitúe co propósito de valorar os méritos presentados polos aspirantes á praza de PÉON DE MANTEMENTO DE VÍAS para a realización de traballos de mantemento e conservación de vías e camiños de titularidade municipal (convocatoria APROL RURAL 2025):

- Presidente: Jose Ramón Esperante Otero, técnico de emprego municipal
- Secretario: Elías Pérez Trillo, enxeñeiro técnico agrícola municipal
- Vogais:
 - Domingo Caamaño Santos, encargado de obras municipal.
 - Isolino Antelo Rodríguez, empregado municipal de obras
 - Josefa Lourdes Maneiro López, técnica de xestión administrativa municipal

O Presidente declara constituído o tribunal e aberto o acto. De acordo ao apartado 9º das Bases que rexen o proceso, a selección dos aspirantes efectuarase polo sistema de **OPOSICIÓN**. A oposición consistirá na realización de unha proba práctica co seguinte detalle:

- Manexo dunha desbrozadora manual, valorándose a actitude, rapidez, habilidade e coñecementos no manexo, a calidade do traballo realizado, a non afección de especies protexidas, a limpeza e recollida selectiva de residuos, adopción de medidas de seguridade e hixiene no traballo, ou calquera outra tarefa/s relacionada/s co posto.
- O lugar da proba práctica será a finca situada detrás do edificio de Protección Civil do Concello de Mazaricos. Están sinalizados e acotados dous tramos de aproximadamente 20 metros cadrados que serán asignados por sorteo a cada un dos participantes na proba. O traballo a realizar será o de limpeza do tramo correspondente.
- A actuación dos aspirantes no exercicio levarase a cabo por orde alfabética empezando pola letra "F" conforme á *Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 21 de xaneiro de 2025 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG nº 16 do 24 de xaneiro de 2025).
- Para asignar a puntuación de cada aspirante atenderase á calidade do traballo realizado, ó tempo investido na súa realización, medido cun cronómetro, e á pericia no manexo da máquina de acordo co establecido na seguinte táboa:

Calidade do exercicio realizado	Puntuación
Moi axeitado	De 8 a 10 puntos
Bastante ben axeitado	De 5 a 7 puntos
Minimamente axeitado	De 1 a 4 puntos
Nada axeitado	0 puntos

O tribunal explica as características da proba a realizar. De seguido désígnanse por sorteo os tramos a realizar por cada aspirante. Os participantes dispón dun tempo para o

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]
[Handwritten signature]
[Handwritten signature]

